



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia.


Fichas descritivas



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

**Pablo Ramil Rego
Manuel Antonio Rodríguez Guitián
Javier Ferreiro da Costa
Marco Rubinos Román
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
Belén de Nóvoa Fernández
Boris Alejandro Hinojo Sánchez
Susana Martínez Sánchez
Carmen Cillero Castro
Ramón Alberto Díaz Varela
Patricia María Rodríguez González
Castor Muñoz Sobrino**

**GI-1934 TTB
Universidade de Santiago de Compostela**



Monografías do IBADER - Lugo 2008

Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

Primeira edición: 2008

Autores: Pablo Ramil Rego; Manuel Antonio Rodríguez Guitián; Javier Ferreiro da Costa; Marco Rubinos Román; Luis Gómez-Orellana Rodríguez; Belén de Nóvoa Fernández; Boris Alejandro Hinojo Sánchez; Susana Martínez Sánchez; Carmen Cillero Castro; Ramón Alberto Díaz Varela; Patricia María Rodríguez González; Castor Muñoz Sobrino

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez González, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Deseño e Maquetación: GI-1934 TTB - IBADER

Fotografía: Arquivo fotográfico GI-1934 TTB - IBADER

Ilustracións: GI-1934 TTB - IBADER

ISSN edición impresa: 1888-5810

ISSN edición dixital: 1988-8341

<http://www.ibader.org>

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

<http://www.ibader.org>

Copyright: Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

Colabora:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
I N L U D E S



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendimientos e barrancos do *Tilio-Acerion*.

Correspondencias

Paleartic	41.4.
Ramsar	- - -
IHG	- - -

Denominación oficial

Inglés	<i>Tilio-Acerion</i> forests of slopes, screes and ravines.
Castelán	Bosques de laderas, desprendimientos o barrancos del <i>Tilio-Acerion</i>

Denominación vulgar

Galego	Non se coñece unha denominación específica para este hábitat. Nalgúns casos inclúese dentro de denominacións xenéricas como "devesa", "fraga" ou "carballal".
Castelán	Non se coñece unha denominación específica para este hábitat.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Bosques mixtos de especies secundarias (*Acer pseudoplatanus*, *Fraxinus excelsior*, *Ulmus glabra*, *Tilia cordata*) sobre desprendementos, vertentes rochosas abruptas ou coluviós de ladeira, frecuentemente sobre materiais calcarios pero tamén sobre silíceos (*Tilio-Acerion*). Diferéncianse un grupo característico de ambientes frescos e húmidos (bosques higrófilos e umbrófilos), polo xeral dominados por *Acer pseudoplatanus* (subalianza *Lunario-Acerion*) e outro típico de pedregais secos e cálidos (bosques xero-termófilos), dominados por tileiros (*Tilia cordata*, *Tilia platyphyllos*) pertencentes á subalianza *Tilio-Acerenion*. Exclúense deste tipo os hábitats incluídos na alianza *Carpinion*. Lixeiros cambios nas condicións do substrato (especialmente o paso a substratos consolidados) ou o grao de humidade levan consigo o paso cara a faiais (*Cephalanthero-Fagion*, *Luzulo-Fagion*) ou carballeiras termófilas.



Aspecto invernal dun bosque de encostas en A Ferrería Vella (Folgozo de Courel).

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendimentos e barrancos do *Tilio-Acerion*.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Bosques pluriespecíficos no estrato superior asentados sobre solos escasamente desenvolvidos a partir de rochedos ou coluviós groseiros de natureza litolóxica variada, situados en partes baixas de ladeiras ou gargantas fluviais dentro dos pisos termo, meso e supratemperado inferior e mesomediterráneo superior.

Fisionomía e estrutura.

Bosques mesófilos cunha elevada variedade de especies arbóreas nos estadios maduros (*Quercus robur*, *Quercus petraea*, *Quercus x rosacea*, *Quercus pyrenaica*, *Acer pseudoplatanus*, *Fraxinus excelsior*, *Fagus sylvatica*, *Prunus avium*, *Corylus avellana*, *Ilex aquifolium*, *Castanea sativa*, *Taxus baccata*, *Ulmus glabra*, *Crataegus monogyna*, etc.) baixo as que crecen un numeroso grupo de especies nemorais esciófilas (*Aconitum neapolitanum*, *Actaea spicata*, *Lilium martagon*, *Luzula sylvatica* subsp. *henriquesii*, *Mercurialis perennis*, *Omphalodes nitida*, *Paris quadrifolia*, *Polystichum setiferum*, *Ranunculus platanifolius*, *Sanicula europaea*, *Saxifraga spathularis*, etc).

Variabilidade.

Trátase dun tipo de hábitat no que se aglutinan diversas comunidades presentes en Galicia, aínda que existen poucos datos sobre elas. A grandes trazos pódense recoñecer:

- unha variante temperada típica, de carácter termófilo, caracterizada pola presenza de especies pouco tolerantes ao frío como *Ruscus aculeatus*, *Arbutus unedo*, *Clematis vitalba*, *Rubia peregrina*, etc. amplamente difundida polas áreas termo e mesotemperadas do N de Galicia.
- unha variante supratemperada na que están ausentes os taxóns termófilos e son frecuentes outros como *Galium odoratum*, *Corydalis cava* ou *Quercus petraea*, distribuída polas áreas montañosas courelao-ancareasas.
- unha variante caracterizada pola presenza de *Fraxinus angustifolia* e a ausencia de grande parte das árbores características das outras variantes, que se distribúe polas áreas mediterráneas de Galicia, o val do Navia e grande parte das áreas montañosas temperadas de Ourense.

Con frecuencia, as partes máis accesibles destes bosques foron obxecto de prácticas de furoneo, o que conduciu á eliminación das especies arbóreas de maior tamaño (carballos, freixos, pradairos, faias, etc.) e a conformación de bosques dominados pola abeleira (*Corylus avellana*). Estas formacións de recuperación deben incluírse neste tipo de hábitat cando se observe a existencia de certa diversidade específica no dosel e mantense unha composición florística do estrato inferior rica en especies nemorais.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

Lunario-Acerenion: *Acer pseudoplatanus*, *Actaea spicata*, *Fraxinus excelsior*, *Helleborus viridis*, *Lunaria rediviva*, *Taxus baccata*, *Ulmus glabra*. **Tilio-Acerenion:** *Carpinus betulus*, *Corylus avellana*, *Quercus sp.*, *Sesleria varia*, *Tilia cordata*, *Tilia platyphyllos*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:

Acer pseudoplatanus, *Aconitum neapolitanum*, *Actaea spicata*, *Arbutus unedo*, *Castanea sativa*, *Cardamine impatiens*, *Clematis vitalba*, *Corydalis cava*, *Corylus avellana*, *Fagus sylvatica*, *Fraxinus angustifolia*, *Fraxinus excelsior*, *Galium odoratum*, *Iris foetidissima*, *Lilium martagon*, *Mercurialis perennis*, *Neottia nidus-avis*, *Paris quadrifolia*, *Polystichum setiferum*, *Prinula acaulis*, *Prunus avium*, *Quercus petraea*, *Quercus robur*, *Ranunculus platanifolius*, *Rubia peregrina*, *Ruscus aculeatus*, *Sanicula europaea*, *Tamus communis*, *Taxus baccata*, *Ulmus glabra*.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:

Culcita macrocarpa, *Narcissus asturiensis*, *Narcissus triandrus*, *Ruscus aculeatus*, *Vandenboschia speciosa*, *Woodwardia radicans*.

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendimentos e barrancos do *Tilio-Acerion*.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE QUERCO-FAGETEA

Orde Fagetalia sylvaticae

Alianza *Tilio-Acerion*

As. Luzulo henriquesii-Aceretum pseudoplatani

As. Omphalodo nitidae-Coryletum avellanae

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat adoita formar mosaico con hábitats rochosos (8130, 8210, 8220), pasteiros pioneiros sobre materiais silíceos (6220*) e calcarios (6210, 6220*), queirogais secos (4030) e piornedos de *Genista florida*. Polo xeral contacta con diversos tipos de bosques (9120, 91E0*, 9230, 9260) e prados de sega (6510, 6520).



Aspecto primaveral do extremo setentrional do Monte da Marronda (Baleira, Lugo) no que é posible observar un mosaico de hábitats arborados constituído por bosques de barrancos (hábitat 9180*), soutos (9260), faiais (9120) e carballeiras (9230).

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat de ampla distribución nos países da UE, máis escaso nalgúns áreas centroeuropeas e meridionais.


Distribución en Galicia

É un tipo de hábitat de presenza puntual e que cobre pequenas superficies repartidas pola maior parte dos macizos montañosos do N e E de Galicia.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Basicamente este tipo de hábitat está presente nos espazos de montaña da parte oriental galega.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




9 Bosques.


9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.		Cod.	Denominación	Prov.	
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	●	ES1120015	Serra do Xistral	Lu	●
ES1110002	Costa Ártabra	C	●	ES1120016	Río Cabe	Lu	●
ES1110003	Fragas do Eume	C	●	ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu	
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C		ES1130001	Baixa Limia	Ou	
ES1110005	Costa da Morte	C		ES1130002	Macizo Central	Ou	●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C		ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou	
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	●	ES1130004	Pena Veidosa	Ou	
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C		ES1130005	Río Tâmega	Ou	
ES1110009	Costa de Dexo	C		ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou	
ES1110010	Estaca de Bares	C		ES1130007	Pena Trevinca	Ou	●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	●	ES1130008	Pena Maseira	Ou	●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C		ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou	
ES1110013	Xubia-Castro	C		ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES1110014	Serra do Careón	C		ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po	●
ES1110015	Río Anllóns	C		ES1140002	Río Lérez	Po	
ES1110016	Río Tambre	C		ES1140003	A Ramallosa	Po	
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	●	ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po	
ES1120002	Río Eo	Lu		ES1140005	Monte Aloia	Po	
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu		ES1140006	Río Tea	Po	●
ES1120004	A Marronda	Lu	●	ES1140007	Baixo Miño	Po	
ES1120005	As Catedrais	Lu		ES1140008	Brañas de Xestoso	Po	
ES1120006	Carballido	Lu	●	ES1140009	Cabo Udra	Po	
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	●	ES1140010	Costa da Vela	Po	
ES1120008	Monte Faro	Lu		ES1140011	Gándaras de Budiño	Po	
ES1120009	Monte Maior	Lu		ES1140012	Illas Estelas	Po	
ES1120010	Negueira	Lu	●	ES1140013	Serra do Candán	Po	
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu		ES1140014	Serra do Cando	Po	
ES1120012	Río Landro	Lu		ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po	
ES1120013	Río Ouro	Lu		ES1140016	Enseada de San Simón	Po	
ES1120014	Canón do Sil	Lu	●				


Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.		Cod.	Denominación	Prov.	
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrado	C		ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou	
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C		ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou	
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C		ES0000437	Pena Trevinca	Ou	●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C		ES0000001	Illas Cíes	Po	
ES0000085	Ribadeo	Lu		ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po	
ES0000373	Ría de Foz	Lu		ES0000254	Illa de Ons	Po	
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu		ES0000375	Esteiro do Miño	Po	
ES0000374	Ancares	Lu	●				

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista parcial dunha representación do hábitat 9180* no Monte dos Valiños (A Fonsagrada).



Bosque de barrancos (9180*) nas proximidades de Pacios (Pedrafita do Cebreiro).

9 Bosques.

9180* Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do *Tilio-Acerion*.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Os bordos e áreas máis accesibles deste tipo de bosques foron frecuentemente utilizados como lugares de aprovisionamento de diversas especies vexetais para uso construtivo (abeleira, salgueiros, freixos, carballos, etc.), medicinal (*Helleborus foetidus*) ou alimenticio (*Fragaria vesca*, *Vaccinium myrtillus*, *Rubus idaeus*).

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística e estrutura deste tipo de bosques son bos indicadores do seu estado de conservación. A presenza de pés corpulentos e de madeira morta orixinada en derrubamentos son indicio dun estado ecolóxico próximo á madurez.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Os principais factores que inflúen negativamente no mantemento das representacións actualmente existentes deste hábitat son a extracción de madeira e a apertura de viais e claros no seu interior. Nalgúns casos o pastoreo reduce a cobertura e abundancia de especies nemorais e degrada a súa estrutura.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

De xeito xeral, a ausencia de intervención humana contribúe a incrementar o grao de naturalidade deste tipo de hábitat. Nas facies máis intervidas, a miúdo coa aparencia de abeledos, debería de controlarse a extracción de pés de fagáceas, pradairos e freixos.

Bibliografía

Amigo (1984), Izco et al. (1985a, 1985 b, 1986b), Ortiz (1986), Silva-Pando (1990), Giménez de Azcárate (1993b); Romero (1993), Amigo & Norman (1993, 1995), Amigo et al. (1994), Gómez Manzanque (1997), Ortiz et al. (1997), Honrado et al. (1998), Rodríguez Guitián et al. (2000), VV.AA. (2003), Rodríguez Guitián (2004) e datos propios.

